

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE ARTEIXO

CURSO: 2º PRIMARIA

**MATERIA: Lingua castelá, Lingua galega, Matemáticas, Ciencias
sociais, Ciencias naturais, Plástica, Valores**

DEPARTAMENTO: Titores

DATA: MAIO 2020

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1-. Identificar as principais características de animais e plantas.	1-. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno.
2-. Coñecer os oficios das persoas do seu contorno e valorar a importancia de cada profesión.	2-. Coñece os oficios das persoas do seu contorno e valora a importancia de cada profesión.
3-. Coñecer e respetar as normas básicas de coidado e seguridade viaria.	3-. Explica as normas básicas viarias que ten como viaxeiro e como peón.
4-. Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.	4-. Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas.
5-. Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, en lingua galega e castelá.	5-. Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo, en lingua galega e castelá.
6-. Ler ,en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos, en lingua galega e castelá.	6-. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos, en lingua galega e castelá.
7-. Producir textos sinxelos seguindo un modelo con diferentes formatos, en lingua galega e castelá.	7-. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios, en lingua galega e castelá.
8-. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxetos, feitos e situacións da vida cotiá.	8-. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.
9-. Ler, escribir e ordenar números ata o 999.	9-. Le, escribe e ordena números ata o 999.
10-. Realizar operacións e cálculos numéricos, mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental.	10-. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma, resta e multiplicación.
11-. Nomear un polígono segundo o seu número de lados.	11-. Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxetos do entorno.
12-. Discriminar prismas, pirámides, conos, cilindros e esferas.	12-. Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxetos do entorno.
13-. Manexar as actividades plásticas utilizando diferentes ferramentas.	13-. Practica con precisión o recorte, pegado, pintado,...
14-. Utilizar nas súas representacións distintos tipos de liñas (curva, quebrada, recta,...) e formas xeométricas.	14-. Utiliza liñas e formas xeométricas nos debuxos.
15-. Tomar medidas preventivas, valorando a importancia de previr accidentes domésticos.	15-. Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde e de previr accidentes domésticos.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020	PÁXINA 2 DE 6	CENTRO: CURSO: MATERIA:
---	---------------	-------------------------------

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Flexibilizaremos e adaptaremos os criterios de avaliación previstos para o noso curso, identificando e valorando especialmente as aprendizaxes máis relevantes e imprescindibles para a continuidade do proceso educativo, o reforzo e a consolidación das aprendizaxes realizadas nos dous primeiros trimestres do curso. Estes criterios de avaliación, que terán carácter diagnóstico e formativo, permitirán as adaptacións necesarias das programacións didácticas do seguinte curso 2020-2021.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Presentación de traballos e investigacións realizadas polo alumnos/as a través da rede (correo electrónico, videoconferencias, fotografías,...)</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>A avaliación e cualificación do alumno adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de reforzo, recuperación ou ampliación de aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado.</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Lecturas(contos, poemas, adiviñas,...), comprensión de textos, ampliación de vocabulario, escritura de diferentes tipos de textos (cartas, noticias, carteis, anuncios,...),...</p> <p>Cálculo e numeración, sumas e restas, tablas de multiplicar, resolución de problemas, figuras e corpos xeométricos,...</p> <p>Investigacións sobre animais e plantas, profesións, educación vial,...</p> <p>Debuxos e creacións plásticas propias</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A proposta de actividades semanais envíanse á xefa de estudos que as colga na páxina web do colexio. Hai alumnado que as recibe tamén a través do correo electrónico. Semanalmente os alumnos mandan algunha das tarefas propostas (foto, video , traballo,...)ao correo electrónico do seu titor. Unha vez á semana cada titor fai unha videochamada co seu grupo a través da aplicación Cisco Webex, para resolver dúbidas e expoñer traballos.</p>
Materiais e recursos	<p>Libros de texto do alumnado, libro dixital, fichas de ampliación e reforzo, videos, cancións, contos, xogos online, videochamadas,...</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A información ao alumnado e ás familias faise a través da páxina web do colexio, correo electrónico, mensaxería Abalar, teléfono persoal, videoconferencia Cisco Webex Meeting.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.